

BANDO

D. JOSÉ CELA CAMIÑO, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER: Que está aberto o **PROGRAMA DE TURISMO SOCIAL PARA MAIORES DO IMSERSO 2022-2023**, polo que se convocan prazas para persoas maiores que desexen participar en dito Programa. Ten por obxecto proporcionar ás persoas maiores a posibilidade de desenvolver actividades culturais e recreativas, contribuíndo con elo a mellorar a súa saúde e calidade de vida, a promocionar un envellecemento activo, fomentar a autonomía persoal e previr a dependencia.

Ofrece os seguintes **DESTINOS DE VIAXE:**

- a) Zona Costa Peninsular: estancias de 10 e 8 días en Andalucía, Murcia, Comunidade Valenciana e Cataluña.
- b) Zona Costeira Insular: estancias de 10 e 8 (Illas Canarias e Baleares)
- c) Turismo de Interior, con estancias de 4, 5 e 6 días, cos seguintes **tipos de viaxes**: Circuitos culturais; Turismo de natureza; Capitais de provincia e Cidades Autónomas de Ceuta e de Melilla.

Os prezos variarán en función dos destinos e as quendas escollidas.

REQUISITOS dos usuarios:

- Persoas residentes en España que reúnan calquera dos seguintes requisitos:
 - Ser pensionista de xubilación do Sistema Público español de Pensións.
 - Ser pensionista de viuvez e ter 55 anos cumpridos.
 - Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, en todos os casos con 60 anos cumpridos.
 - Ser titular ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos cumpridos.
 - Deberán valerse por si mesmos e non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia nos hoteis.

Se a pasada tempada se dispoñía de credencial para viaxar, non é necesario cumprimentar nova solicitude.

PRAZO de presentación de solicitudes:

- Do 27 de XUÑO Ó 19 DE XULLO DE 2022.

MÁIS INFORMACIÓN:

- Web do IMSERSO <https://www.imserso.es>
- Oficinas de Servizos Sociais Comunitarios Municipais do Concello de 10 a 13 horas , **Previa cita, os días de atención ó público, luns, martes e xoves.**

O que se comunica para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442
N.º de Rexistro de Entidade Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

